

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 18 DE FEBREIRO DE 2021

Ás 11:05 horas do día 18 de febreiro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. Marta Núñez Aboy, vogal suplente do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 7a)
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11a)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste ao punto 11b)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2 e 4)
D^a. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 5, 6, 7b e 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desciframento pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 1 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AURORA PILAR Y ANA, S.L.
 2. COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.
 3. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.
 4. KOALA SOLUCIONES EDUCATIVAS, S.A.
 5. MEGADIVER SOCIOEDUCATIVA, S.L.
 6. PROMOCION DE LA FORMACION LAS PALMAS, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal "Navia" (24.685-332)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441) (corrección de erro)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 8 de febreiro de 2021 de corrección de erro no informe de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que foi aceptado na sesión do 4 de febreiro de 2021. A Mesa acorda, por unanimidade, o informe de corrección de erro e ordena a súa publicación no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 2 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 10 e 11 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguiñón e Vista Alegre" (684-441)

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 10 e 11 de febreiro de 2021 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*", así como informe que rectifica o anterior de data 17 de febreiro de 2021. A Mesa acepta, por unanimidade, o informe de valoración de data 17 de febreiro de 2021.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa García Barbón, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Isaac Peral" (664-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliable mediante fórmula*" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.662.063,77 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	1.737.642,09 €
3	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.635.479,54 €
4	ORECO, S.A.U.	1.628.449,00 €
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1,702,709.08 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.645.585,94 €
7	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	2.194.940,00 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.665.798,75 €

Asisten á apertura: D^a. PAULA SOUTO GARCÍA, con DNI ****.*04.04***, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.; D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI número ****.*88.75***, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN e D. Felipe Carrasco Hernández, con DNI ****.*09.54***, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 3 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización das rúas Julia Minguiñón e Vista Alegre" (684-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	877.091,83 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	903.644,42 €
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	856.534,99 €
4	UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP, S.L.	922.059,92 €
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	965.100,80 €
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	872.595,02 €
7	UTE OBRAS, REFORMAS E SANEAMENTOS, S.L. - ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA, S.L.	832.230,81 €
8	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	820.025,19 €

Asisten á apertura: D^a. PAULA SOUTO GARCÍA, con DNI **.04.04*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI número **.88.75*, en representación da FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) (informe corrixido)

Lémbrese aos membros da Mesa que en virtude do acordado na sesión do 8 de febreiro de 2021 se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

- GIGLON, S.L.
- KICK TICKETING, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 4 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Durante o prazo concedido, KICK TICKETING, S.L. presentou documentación para a xustificación da súa oferta. No entanto, GIGLON, S.L. presentou un escrito no que indican "De acordo a estos cálculos solo la oferta de "Kick Ticketing SL" incurre en presunción de anormalidad. Por tanto, no consideramos necesario presentar la documentación solicitada en el acta publicada hoy".

Detectado erro no informe aceptado na sesión do 8 de febreiro de 2021, entrégase novo informe asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 12 de febreiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade.

Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos licitadores que se relacionan a continuación por canto as súas ofertas están incursas en presunción de anormalidade, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para xustificar as súas ofertas:

- GIGLON, S.L.
- KICK TICKETING, S.L.

Dado que KICK TICKETING, S.L. xa presentou documentación para a xustificación da súa baixa, poderá optar por presentar nova documentación. En caso contrario, entenderase que mantén a documentación xa presentada.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Cubrición do patio do colexio Balaídos" (602-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 9 de febreiro de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese aos membros da Mesa que na sesión que tivo lugar o 8 de febreiro 2021 se acordou conceder un prazo de tres días a INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Vigo. Durante o prazo concedido o licitador presentou certificados relativos tanto á empresa licitadora como á empresa a cuxa solvencia recorre, ambos expedidos pola Tesourería Municipal de "non ter débeda ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento Xerral das actuacións e os procedementos de xestión e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 5 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo".

Así mesmo, foi solicitado polo Servizo de Contratación certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias para os efectos da LCSP. O certificado foi incorporado ao expediente.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

Primeiro: Aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHES DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de maio de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 29 de maio de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación para "CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO ARMONIZADO PARA A CONTRATACION DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACION, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHES DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 1.202.971,38 €, e sendo o valor estimado do contrato de 2.087.801,56 €. Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluída na aplicación orzamentaria 3420.2279918 "Apertura e peche de instalacións" (573.442,38 ·€) e 3410.2279904 "Prestacións e Patrocinios (28.043,31 €)

Distribución anual orzamentaria:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 6 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



DISTRIBUCION ORZAMENTARIA	PARTIDA ORZAMENTARIA	PERIODO	IMPORTE
ANO 2020	3420.2279918	01/09/2020 a 31/12/2020	213,026.18 €
ANO 2021	3420.2279918	01/01/2021 a 31/12/2021	601,485.69 €
ANO 2022	3420.2279918	01/01/2022 a 31/08/2022	388,459.51 €

Cuarto: *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UNIUM SERVICIOS AUXILIARES	84.10
2	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	82.38
3	SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.	80.34
4	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	72.43
5	EULEN, S.A.	35.93

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, UNIUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2020



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 7 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

adoptou o seguinte acordo:

1. "Tomar razón das exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 29 de setembro de 2020, de SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadan o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Adxudicar a UNIUUM SERVICIOS AUXILIARES (B-72.245.798) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) por un prezo total de 1.202.971,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 208.780,16 euros cos seguintes prezos unitarios:
 - O prezo unitario de hora ordinaria é de 13,92 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,42 euros.
 - O prezo unitario de hora festiva é de 15,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,61 euros.
 - O prezo unitario de hora nocturna de 14,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,57 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Cuarto.- O 4 de decembro de 2020, D^a. María del Pilar Aledo Martínez, en nome e representación da sociedade INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L., interpuxo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a acordo de adxudicación deste procedemento.

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 14 xaneiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"1º.- Tomar razón da Resolución nº 3/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 225/2020, interposto por INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnicos das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, expediente 3276-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima o recurso.
Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS, CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO - GALICIA, S.L. contra o acordo de adxudicación do contrato para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnicos das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 8 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



de Deportes, expediente 3276-611 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Sexto.- A Mesa de Contratación, na sesión do 18 de xaneiro de 2021, acordou, por unanimidade, “retrotraer o procedemento ata a valoración do sobre B “Proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor” para excluír deste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP segundo o informe asinado polo adxunto ao xefe do Servizo de Deportes de data 24 de setembro de 2020 e o informe de data 29 de outubro sobre cumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor:

1. UNIUM SERVICIOS AUXILIARES
2. SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L.
3. OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.

Unha vez excluídos os citados licitadores, procede valorar de novo as proposicións avaliáveis a través de fórmula presentadas polos únicos licitadores admitidos, polo que a Mesa acorda solicitar informe ao servizo xestor en relación co sobre C”.

Sétimo.- Con data do 21 de xaneiro de 2021 a concelleira delegada de Contratación adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón das seguintes exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

1. Sesión do 29 de setembro de 2020: SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Sesión do 18 de xaneiro de 2021: UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, en cumprimento da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación final
1	INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVICIOS	90.63



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 9 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.	
2	EULEN, S.A.	40.17

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada ao primeiro clasificado o 22 de xaneiro de 2021, que presentou a documentación requirida o 1 e 3 de febreiro de 2021.

Oitavo.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. para que puidese acreditar estar ao corrente nas súas obrigas co Concello de Vigo.

Con data 10 de febreiro de 2021 o licitador presentou certificados relativos tanto á empresa licitadora como á empresa a cuxa solvencia recorre, ambos expedidos pola Tesourería Municipal de “non ter débeda ou sanción de natureza tributaria na vía de constrinximento, de conformidade co disposto no artigo 74.1 do Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo”.

Así mesmo, foi solicitado polo Servizo de Contratación certificado de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias para os efectos da LCSP. O certificado positivo foi incorporado ao expediente.

Noveno.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 10 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de data 24 de setembro de 2020, así como do informe de data 11 de novembro de 2020 sobre a nova clasificación do procedemento unha vez aplicado o desconto por incumprimento dos requisitos de presentación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor; e do informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula do 18 de xaneiro de 2021 tras a resolución 3/2021 do Tribunal administrativo de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TAGAL).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón das seguintes exclusións acordadas neste procedemento pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:
 - Sesión do 29 de setembro de 2020: SERVIPLUSTOTAL, S.L. e GRUPO SIFU, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - Sesión do 18 de xaneiro de 2021: UNIUM SERVICIOS AUXILIARES, SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. e OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L., por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP, en cumprimento da resolución nº 3/2021 do 8 de xaneiro do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 11 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Adxudicar a **INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L. (B-27.715.879)** o procedemento aberto para a contratación dos servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (3.275-611) por un prezo total de 1.202.971,38 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 208.780,16 euros cos seguintes prezos unitarios:

- O prezo unitario de hora ordinaria é de 13,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,42 euros.
- O prezo unitario de hora festiva é de 15,91 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,76 euros.
- O prezo unitario de hora nocturna de 14,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2,53 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 26 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento do equipamento instalado no CPD municipal:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 12 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 30/01/2020 e cò conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 30/01/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 26/10/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 16/11/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 16/11/2020.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 €, dende o 1 de Xaneiro de 2021, o cal se imputará á partida 9207.2279900 (MANTEMENTO HARDWARE)

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de xaneiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de xaneiro de 2021, de ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ECONOCOM SERVICIOS, S.A.	86 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECONOCOM SERVICIOS, S.A. (A-28.816.379), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 13 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ECONOCOM SERVICIOS, S.A., o día 29 de xaneiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 12 de febreiro de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ECONOCOM SERVICIOS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ECONOCOM SERVICIOS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 e 27 de xaneiro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 14 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de xaneiro de 2021, de ITWISE TECHNOLOGY SERVICES, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.
2. Adxudicar a ECONOCOM SERVICIOS, S.A. (A-28.816.379) o procedemento aberto para a contratación de servizos para o mantemento do equipamento central do CPD municipal (9.070-113) por un prezo total de 30.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.206,61 euros e coas seguintes porcentaxes de desconto:
 - Propón un porcentaxe de desconto único do 55,52% a aplicar aos prezos unitarios sen IVE dos equipamentos do Anexo I do PPT sinalados no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - Propón un porcentaxe de desconto do 42% a aplicar ao prezo unitario NetApp Model: FAS2650 sinalado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - Propón un porcentaxe de desconto do 47 % a aplicar ao prezo unitario NetApp Model: FAS2552 96, sinalado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - Propón un porcentaxe de desconto do 76% a aplicar ao prezo unitario dos equipos ProLiant DL580 Gen10 sinalado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.
 - Propón un porcentaxe de desconto do 46 % a aplicar ao prezo unitario dos equipos, máximo Synology SA3400, sinalado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "RENOVACIÓN DE REDES SANEAMENTO E ABASTECIMENTO, NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO ENTRE AREAL E ROSALÍA DE CASTRO" redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, Dña. Trinidad López Rodríguez , cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 EUROS) e data de sinatura dixital de 05.05.2020

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do servizo de Contratación de data 24.09.2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 EUROS) sendo o importe correspondente ao IVE de 49.682,60 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.619.00.14 "HUMANZ. S.AVENDAÑO, ENTRE AREAL-R.CASTRO"

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

*2020: 270.000 euros
2021: 16.266,42 euros*

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 16 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de febreiro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificando, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo:

1. NAROM, S.L.
2. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	96,75
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	95,40
3	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	93,73
4	CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	89,32
5	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.	88,47
6	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	85,37
7	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	84,08
8	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	83,77
9	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	83,64
10	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	76,99
11	ORECO, S.A.U.	41,76

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., o día 2 de febreiro de 2021, que presenta a documentación requirida o 10 e 11 de febreiro, dentro do prazo concedido.



Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 18 de febreiro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 23 de decembro de 2020 e 13 de xaneiro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión de NAROM, S.L. e da UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non presentaron xustificación ningunha en prazo, mediante resolución da*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 18 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de data 1 de febreiro de 2021.

2. *Adxudicar a OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. (B-36.494.185) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e a rúa Rosalía" (581-441) por un prezo total de 222.829,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 38.672,94 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:30 logo dun receso de 30 minutos por problemas técnicos coa sinatura dixital. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:47	Páxina 19 de 19
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA547-C8D735-5AB68B-GQJ35R-M3MHBW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		